

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36013618	CEIP de Figueiroa	A Estrada	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Educación plástica e visual	5º Pri.	1	35

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	4
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	5
4.1. Concrecións metodolóxicas	12
4.2. Materiais e recursos didácticos	13
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	14
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	15
6. Medidas de atención á diversidade	16
7.1. Concreción dos elementos transversais	17
7.2. Actividades complementarias	18
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	18
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	19
9. Outros apartados	20

1. Introducción

A seguinte programación responde á área de Educación Plástica e Visual. Dende esta materia teremos como finalidade que o alumnado se achegue a obras artísticas - as analice e as valore- e tamén que desenvolva a creatividade experimentando con distintos materiais e recursos e achegándose á creación visual.

Está deseñada para un centro público de educación infantil e primaria, situado nunha vila de interior, que ademais desenvolve esta materia dentro dunha sección bilingüe. Ao centro acoden nenos da vila e do rural, que fan uso do transporte. O centro conta con Plan Madruga e comedor, xestionados pola ANPA. Este centro é de liña dúas e conta con 6 unidades en Ed. Infantil e 20 en Ed. Primaria, xa que neste momento primeiro e sexto contan con tres aulas.

O alumnado para o cal se elabora dita programación atópase no quinto curso da etapa. Son nenos e nenas de 10 anos, que están a piques de entrar na fase das operacións abstractas e deixar atrás a fase das operacións concretas. Isto significa que xa poden razoar sen ter presentes obxectos físicos.

Son quen de reflexionar sobre a súa propia actividade. Isto é moi importante telo en conta para desenvolver neles actuacións de autocrítica (cando fan algo inadecuado) e tamén para desenvolver a súa autoestima (cando fan as cousas ben).

Teñen maior capacidade de traballo e ao longo deste e do

seguinte curso han de chegar a unha autonomía de organización e a desenvolver o sentido da responsabilidade para afrontar con éxito o cambio de etapa educativa.

En quinto están escolarizados 48 nenos e nenas, entre os que se atopa alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, para os cales se recollen nesta programación medidas específicas encamiñadas a atender a diversidade das clases.

As dúas vertentes da materia son: a educación plástica e visual e a educación visual. As dúas vertentes teñen dous bloques: percepción e análise e creación e interpretación.

Desenvolveremos tres unidades didácticas:

1º trimestre: MIRANDO O MUNDO.

2º trimestre: PINTANDO O MUNDO.

3º trimestre: IMAXINANDO O MUNDO.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Descubrir propostas artísticas plásticas e visuais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa, para desenvolver a curiosidade, a sensibilidade, o pensamento crítico e o respecto pola diversidade.		3	1	1	3	1	2	1-2
OBX2 - Investigar acerca de diferentes manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais e os seus contextos, empregando diversas canles, medios e técnicas, para gozar delas, entender o seu valor, así como desenvolver o pensamento e unha sensibilidade artística propia.	3	3	2	1		3		1-2
OBX3 - Expresar e comunicar de maneira creativa ideas, sentimentos e emocións, experimentando coas posibilidades do son, da imaxe e dos medios dixitais, para producir obras propias.	1	1		2	5	2	1	3-4

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX4 - Participar do deseño, elaboración e difusión de producións culturais e artísticas plásticas e visuais, tanto individuais como colaborativas, poñendo en valor o proceso e asumindo diferentes roles na consecución dun resultado final, para desenvolver a creatividade, a noción de autoría e o sentido de pertenza.	1	3	3			2	1-3	3-4

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	PINTANDO O MUNDO	Esta UD inicia as bases para este curso, a dinámica, a rutina de traballo, a responsabilidade e coidado do material. Traballarase a recepción activa e a vivencia na ampliación dos elementos básicos da expresión plástica e audiovisual. Realizaremos actividades traballando con formas, liñas, trazos, cores, materiais naturais, etc. As conmemoracións do Magosto, Samaín e Nadal cobrarán especial relevancia.	34	13	X		
2	CREANDO MUNDOS	As actividades de creación serán con técnicas de debuxo xeométrico, collage e realización de maquetas.	33	12		X	
3	IMAXINANDO MUNDOS	Nesta unidade didáctica afondaremos no traballo audiovisual, usando técnicas de chroma ou stop motion.	33	10			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	PINTANDO O MUNDO	13

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Distinguir propostas artísticas plásticas e visuais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por elas.	Identifica os recursos e materiais utilizados para elaborar unha obra.	TI	100
CA1.2 - Describir manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais, explorando as súas características con interese, establecendo relacións entre elas, valorando a diversidade que as xera, así como as principais profesións vinculadas á creación e interpretación plástica e visual, empregando o vocabulario específico destas.	Describe unha obra de arte e fai unha valoración da mesma indicando que profesionais están detrás dela.		
CA1.3 - Seleccionar e aplicar estratexias para a procura de información sobre manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais, a través de diversas canles e medios de acceso, de forma individual e colaborativa.	Selecciona entre as posibilidades que se lle ofrecen a axeitada para a finalidade que busca.		
CA1.4 - Comparar o significado e os elementos característicos de distintas manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais que forman parte do patrimonio de diversas contornas, analizando as canles, medios e técnicas vinculados a elas, así como as súas diferenzas e similitudes, e desenvolvendo criterios de valoración propios.	Analiza as posibilidades de materiais, texturas, formas e cores aplicados sobre diferentes soportes.		
CA1.5 - Valorar as sensacións e emocións producidas por diferentes manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais, a partir da análise e da comprensión das devanditas manifestacións.	Analiza e compara as texturas naturais, artificiais, visuais e táctiles, sendo capaz de realizar traballos artísticos utilizando estes coñecementos.		
CA1.6 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas plásticas e visuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Participa nas actividades propostas con interese e colaboración, coidando os materiais e mantendo un comportamento adecuado.		
CA2.1 - Producir obras propias básicas utilizando as posibilidades expresivas do corpo, a imaxe e os medios dixitais básicos e mostrando confianza nas capacidades propias.	Debuxa formas, figuras e elementos do contexto con dimensións, proporcións, cores e tamaños axeitados.		
CA2.2 - Expresar con creatividade ideas, sentimentos e emocións a través de diversas manifestacións artísticas plásticas e visuais, utilizando as diferentes linguaxes e instrumentos ao seu alcance, mostrando confianza nas propias capacidades e perfeccionando a execución.	Describir unha obra artística sinalando aqueles sentimentos e emocións que esperta dentro dun.		
CA2.3 - Planificar e deseñar producións culturais e artísticas plásticas e visuais colectivas, traballando de forma cooperativa na consecución dun resultado final que cumpra cuns obxectivos acordados e asumindo diferentes roles, desde a igualdade e o respecto á diversidade.	Realizar producións seguindo as indicacións dadas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Estratexias de recepción activa.

Contidos

- Cultura visual. A imaxe no mundo actual: técnicas e estratexias de lectura, análise e interpretación da intención comunicativa. Valoración desde unha perspectiva de xénero.
- Profesións vinculadas cos ámbitos artísticos plástico e visual. Coñecemento e valoración.
- Elementos configurativos da linguaxe visual e as súas posibilidades expresivas: punto; liña grosa, fina, continua e descontinua; plano; textura; cor.
- Profundización no ensino técnico do debuxo. Introducción á comprensión da xeometría a partir da liña recta. Posibilidades expresivas e comunicativas.
- Materiais, instrumentos, soportes e técnicas de maior uso na expresión plástica e visual.
- Vocabulario específico nas artes plásticas e visuais.
- Recursos dixitais de uso común para as artes plásticas e visuais.
- Propostas artísticas de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais, nacionais e internacionais.
- Estratexias básicas de análises de propostas artísticas desde unha perspectiva de xénero.
- Normas de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas plásticas e visuais en diferentes espazos culturais e artísticos. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a recepción.
- Representación, de forma persoal, de ideas, accións e situacións valéndose dos elementos que configuran a linguaxe visual.
- Experimentación e expresión a través de medios, soportes e materiais de expresión plástica e visual, incluídos os formatos artísticos contemporáneos. Elaboración de imaxes novas a partir dos coñecementos adquiridos. Técnicas bidimensionais e tridimensionais
- Iniciación ao debuxo xeométrico. Verbalización da intención expresiva. Terminoloxía básica específica da área.

UD	Título da UD	Duración
2	CREANDO MUNDOS	12

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Distinguir propostas artísticas plásticas e visuais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por elas.	Recoñece e identifica as características das imaxes fixas e en movemento.	TI	100
CA1.5 - Valorar as sensacións e emocións producidas por diferentes manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais, a partir da análise e da comprensión das devanditas manifestacións.	Utiliza e manexa os elementos que estruturan o espazo gráfico.		
CA1.6 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas plásticas e visuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Participa e amosa interese polas actividades propostas, colaborando na recollida e organización do material.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Producir obras propias básicas utilizando as posibilidades expresivas do corpo, a imaxe e os medios dixitais básicos e mostrando confianza nas capacidades propias.	Realiza imaxes humanas, animais e casas partindo dun bosquexo. Realiza debuxos propostos seguindoas indicacións dadas.		
CA2.2 - Expresar con creatividade ideas, sentimentos e emocións a través de diversas manifestacións artísticas plásticas e visuais, utilizando as diferentes linguaxes e instrumentos ao seu alcance, mostrando confianza nas propias capacidades e perfeccionando a execución.	Describe os sentimentos que lle transmite unha obra artística e expresa se lle gusta ou non e o porqué.		
CA2.3 - Planificar e deseñar producións culturais e artísticas plásticas e visuais colectivas, traballando de forma cooperativa na consecución dun resultado final que cumpra cuns obxectivos acordados e asumindo diferentes roles, desde a igualdade e o respecto á diversidade.	Participa de xeito cooperativo nas tarefas grupais, asumindo o seu traballo e procurando facelo o mellor posible.		
CA2.4 - Participar no proceso cooperativo de producións culturais e artísticas plásticas e visuais, de forma creativa, utilizando elementos básicos da linguaxe plástica e visual e diferentes técnicas artísticas.	Representa formas xeométricas con precisión, coa axuda da cuadrícula e as ferramentas básicas.		
CA2.5 - Compartir os proxectos creativos plásticos e visuais, empregando diferentes estratexias comunicativas a través de diversos medios e explicando o proceso e o resultado final obtido.	Participa de xeito cooperativo nas tarefas grupais.		
CA2.6 - Manifestar respecto na realización de actividades, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Realiza composicións que transmiten emocións e sensacións básicas, utilizando distintos elementos e recursos.		
CA3.4 - Comparar o significado e os elementos característicos de distintas manifestacións culturais e artísticas audiovisuais que forman parte do patrimonio de diversas contornas, analizando as canles, medios e técnicas vinculados a elas, así como as súas diferenzas e similitudes, e desenvolvendo criterios de valoración propios.	Utiliza o trazado de rectas paralelas, circunferencias e outros trazados xeométricos de maneira guiada.		
CA3.5 - Valorar as sensacións e as emocións producidas por diferentes manifestacións culturais e artísticas audiovisuais, a partir da análise e da comprensión das devanditas manifestacións.	Emprega as posibilidades de materiais, texturas, formas e cores aplicados sobre diferentes soportes		
CA3.6 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas audiovisuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Goza coa aprendizaxe obtida a través do uso das TIC, e amosa interese polo uso destas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias de recepción activa. - Profundización no ensino técnico do debuxo. Introducción á comprensión da xeometría a partir da liña recta. Posibilidades expresivas e comunicativas.

Contidos

- Materiais, instrumentos, soportes e técnicas de maior uso na expresión plástica e visual.
- Vocabulario específico nas artes plásticas e visuais.
- Recursos dixitais de uso común para as artes plásticas e visuais.
- Propostas artísticas de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais, nacionais e internacionais.
- Estratexias básicas de análises de propostas artísticas desde unha perspectiva de xénero.
- Normas de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas plásticas e visuais en diferentes espazos culturais e artísticos. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a recepción.
- Representación, de forma persoal, de ideas, accións e situacións valéndose dos elementos que configuran a linguaxe visual.
- Experimentación e expresión a través de medios, soportes e materiais de expresión plástica e visual, incluídos os formatos artísticos contemporáneos. Elaboración de imaxes novas a partir dos coñecementos adquiridos. Técnicas bidimensionais e tridimensionais.
- Iniciación ao debuxo xeométrico. Verbalización da intención expresiva. Terminoloxía básica específica da área.
- Fases do proceso creativo: planificación, interpretación, experimentación e avaliación. Equilibrio e axuste entre deseño, proceso e produto.
- Avaliación, interese e valoración, tanto do proceso coma do produto final, en producións plásticas e visuais.
- Utilización de técnicas, materiais e recursos informáticos e tecnolóxicos: a súa aplicación para a captura, creación, manipulación e difusión de producións plásticas e visuais.
- Aproximación ao uso responsable de bancos de imaxes e sons. Coñecemento e respecto polas licenzas de uso e distribución de contidos xerados por outros.
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas culturais e artísticas plásticas e visuais.
- Propostas artísticas de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais, nacionais e internacionais.
- Estratexias básicas de análises de propostas artísticas desde unha perspectiva de xénero.
- Normas de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas cinematográficas e audiovisuais en diferentes espazos culturais e artísticos. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a recepción.

UD	Título da UD	Duración
3	IMAXINANDO MUNDOS	10

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Distinguir propostas artísticas audiovisuais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por elas.	Valora e respecta os diferentes tipos de expresión plástica.	TI	100
CA3.2 - Describir manifestacións culturais e artísticas audiovisuais, explorando as súas características con interese, establecendo relacións básicas entre elas, valorando a diversidade que as xera, así como as principais profesións vinculadas á creación e interpretación audiovisual, e empregando o vocabulario específico destas.	Describe unha manifestación artística visual, coméntaa e valóraa.		
CA3.3 - Seleccionar e aplicar estratexias para a procura de información sobre manifestacións culturais e artísticas audiovisuais, a través de diversas canles e medios de acceso, de forma individual e colaborativa.	Busca información e selecciona o preciso para o seu traballo artístico.		
CA3.4 - Comparar o significado e os elementos característicos de distintas manifestacións culturais e artísticas audiovisuais que forman parte do patrimonio de diversas contornas, analizando as canles, medios e técnicas vinculados a elas, así como as súas diferenzas e similitudes, e desenvolvendo criterios de valoración propios.	Utiliza a liña horizontal como elemento expresivo para proporcionar sensación de profundidade en composicións e creacións realizadas co ordenador.		
CA3.5 - Valorar as sensacións e as emocións producidas por diferentes manifestacións culturais e artísticas audiovisuais, a partir da análise e da comprensión das devanditas manifestacións.	Entende o valor da arte para a sociedade.		
CA3.6 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas audiovisuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Utiliza con respecto as TIC para coñecer expresións artísticas e culturais.		
CA4.1 - Producir obras propias básicas utilizando as posibilidades expresivas do corpo, a imaxe, o son e os medios dixitais básicos e mostrando confianza nas capacidades propias.	Emprega as novas tecnoloxías para iniciarse no deseño dixital, tratamento de imaxes ou na animación.		
CA4.2 - Expresar con creatividade ideas, sentimentos e emocións a través de diversas manifestacións artísticas audiovisuais, utilizando as diferentes linguaxes e instrumentos ao seu alcance, mostrando confianza nas propias capacidades e perfeccionando a execución.	Describe unha manifestación artística visual, coméntaa e valóraa.		
CA4.3 - Planificar e deseñar producións culturais e artísticas audiovisuais colectivas, traballando de forma cooperativa na consecución dun resultado final que cumpra cuns obxectivos acordados e asumindo diferentes roles, desde a igualdade e o respecto á diversidade.	Planifica e realiza unha produción audiovisual seguindo instrucións dadas.		
CA4.4 - Participar no proceso cooperativo de producións culturais e artísticas audiovisuais, de forma creativa, utilizando elementos básicos da linguaxe audiovisual e diferentes técnicas artísticas.	Emprega as ferramentas básicas do debuxo xeométrico (regra, escuadro, cartabón e transportador).		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.5 - Compartir os proxectos creativos audiovisuais, empregando diferentes estratexias comunicativas a través de diversos medios e explicando o proceso e o resultado final obtido.	Comparte e axuda aos demais a avanzar no seu proxecto e conta como realizou o seu.		
CA4.6 - Manifestar respecto na creación e interpretación de propostas artísticas audiovisuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Coñece, utiliza e valora os recursos tecnolóxicos básicos para a elaboración das propias creacións.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Propostas audiovisuais elementais. O cinema: orixe e evolución. Espazos culturais e artísticos do ámbito audiovisual. Comunicación e valoración do contido informativo que as imaxes proporcionan, desde unha perspectiva de xénero. - Profesións vinculadas ao ámbito cinematográfico e audiovisual. Coñecemento e valoración. - Nocións elementais sobre formatos audiovisuais: imaxe fixa e en movemento. Ficción e non ficción. Animación. - Estratexias de procura, filtrado e valoración. - Vocabulario específico nas artes audiovisuais. - Recursos dixitais de uso común para as artes audiovisuais. - Propostas artísticas de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais, nacionais e internacionais. - Estratexias básicas de análises de propostas artísticas desde unha perspectiva de xénero. - Normas de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas cinematográficas e audiovisuais en diferentes espazos culturais e artísticos. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a recepción. - Rexistro e edición de elementos audiovisuais (imaxe e audio): conceptos, tecnoloxías, técnicas e recursos elementais de manexo sinxelo. - Estratexias e técnicas de composición de historias sinxelas, de maneira individual e grupal, con intención comunicativa e expresiva, para ser recreadas, narradas e gravadas. - Producións audiovisuais: iniciación á planificación das diferentes fases e roles do proceso creativo. Traballo colaborativo e importancia do proceso nos principais xéneros e formatos. - Producións multimodais: realización con diversas ferramentas. - Características da linguaxe audiovisual multimodal. - Aproximación ás ferramentas e ás técnicas básicas de animación. - Creación, experimentación e difusión de mensaxes audiovisuais: procesos técnicos, respecto á integridade das persoas e aos dereitos de autor. - Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas culturais e artísticas.

4.1. Concrecións metodolóxicas

A metodoloxía a utilizar basearase nunha aprendizaxe competencial, que permita conectar contidos das distintas materias curriculares ademais de abordar os diferentes elementos transversais.

Para acadar este obxectivo metodolóxico, learemos a cabo:

- A realización de proxectos significativos e de actualidade que partan dos coñecementos previos do alumnado e do seu contorno próximo, así como dos seus centros de interese, os cales fomentarán a súa curiosidade e a motivación pola aprendizaxe.

- Actividades que partan da observación e experimentación, traballando o método científico a través de diversas investigacións e traballos desenvolvendo estruturas de aprendizaxe cooperativa.

- Tarefas de aprendizaxe integradas que faciliten a contextualización de proxectos, pequenas investigacións no medio, resolución de problemas concretos, realización de debates sobre temas de actualidade (artísticos, estéticos, patrimoniais, xogos educativos...) nas que o alumnado avance no desempeño das súas competencias.

- Tarefas nas que o alumnado teña que planificar, deseñar, propoñer e comunicar diferentes propostas e proxectos a situacións presentadas, fomentando a creatividade, empregando a información proporcionada polos medios tecnolóxicos e utilizando de xeito eficiente diferentes ferramentas e dispositivos dixitais.

Para levar a cabo estas actividades:

-Partiremos dos coñecementos previos do alumnado, tendo en conta as súas aprendizaxes anteriores e o seu desenvolvemento cognitivo e emocional. Durante este quinto curso da etapa o alumnado debe acceder ao coñecemento partindo dos seus centros de interese e do seu contorno máis próximo.

-As explicacións do docente irán acompañadas de apoio visual con imaxes, vídeos e a elaboración de esquemas e mapas conceptuais.

-Utilizaremos unha metodoloxía activa, manipulativa e contextualizada, achegando ao alumnado ao descubrimento activo a través da formulación de preguntas, procura de información de diferentes fontes seguras e fiables, así como da realización de experimentos sobre investigacións relacionadas cos distintos elementos artísticos e plásticos, favorecendo a realización de tarefas de aprendizaxe integradas e contextualizadas.

-Trataremos de que disfruten desta materia e que traballen sen medo e motivados.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Pantalla dixital e diferentes recursos on line.
Ordenador: con diferentes aplicacións e programas de software libre (Plan Dixital): reprodución audio e vídeo, gravación, etc.
Pinceis e témperas
Ceras, rotuladores, lapis de cores, pegamento e tesoiras
Imaxes de obras de diferentes pintores/as
Bloc de debuxo e cartolinas

Recursos da plataforma EVA dentro de E-Dixgal
Regra, escuadro e cartabón
Materiais naturais ou de refugallo que poidamos empregar na creación de obras artísticas.

Todo o alumnado conta cun portátil e acceso á plataforma EVA onde atoparán para a realización de cada actividade instrucións precisas. Tamén contarán coa rúbrica que indica os aspectos que se valorarán nese traballo.

Ademais cada alumno/a conta cun bloc de debuxo e na aula temos cartolinas de cores, regras e outros materiais coma revistas, etc. que poidan ser empregados.

Empregaremos tamén o espazo exterior na realización dalgunha das tarefas: pintar da realidade ou recollida de follas de outono.

Ademais a obra de pintores e pintoras coñecidos será empregada en ocasións como punto de partida de algún proxecto.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial será realizada na primeira semana de clase. Estará orientada a coñecer como se desenvolven coa Plástica, se lles gusta ou non; que tipo de proxectos lles gustaría facer, se forma parte das súas afeccións, etc.

Trataremos de que se sintan ben e de que conten sempre con indicacións do que se quere conseguir e tratando de mellorar as súas producións.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	34	33	33	100
Táboa de indicadores	100	100	100	100

Criterios de cualificación:

A totalidade dos criterios de avaliación da presente programación serán avaliados por medio dunha táboa de indicadores, da cal se levará un rexistro cunhas escalas de valoración/rúbrica, pois un grande número delas son de observación e con listas de cotexo.

A nota trimestral, no tocante ao que ás UD se refire, será a seguinte:

-1º trim. Valoraremos a UD 1 dando unha nota a cada tarefa feita. A nota media destas tarefas serán o 70% da nota. O 30% restante provén de escalas de observación referidas a como participan e como coidan o material.

-2º trim.: Valoraremos a UD 2 dando unha nota a cada tarefa feita. A nota media destas tarefas serán o 70% da nota. O 30% restante provén de escalas de observación referidas a como participan e como coidan o material.

-3º trim.: Valoraremos a UD 3 dando unha nota a cada tarefa feita. A nota media destas tarefas serán o 70% da nota. O 30% restante provén de escalas de observación referidas a como participan e como coidan o material.

O 100% da nota da avaliación final obterase do xeito

seguinte:

-1º trim. 34%

-2º trim. 33%

-3º trim. 33%

Polo tanto resultará da media aritmética dos tres trimestres.

O resultado dos cálculos redondearase cara a unidade seguinte, sempre e cando o número das décimas sexa cinco ou maior que cinco.

Criterios de recuperación:

Aquel alumnado que non tivese acadado os obxectivos mínimos da materia ó final de cada UD, poderá recuperalos ao final de cada trimestre. A recuperación consistirá na realización dos proxectos que non teña presentados. En principio valoraremos un a un e preocuparémonos de que vaian conseguindo os obxectivos propostos día a día.

6. Medidas de atención á diversidade

No caso desta materia os ritmos e aptitudes adoitan ser moi diferentes co cal haberá unha programación de actividades para todo o alumnado pero se planificarán outras en función das dificultades de cada quen, podendo ampliar ou reforzar unha tarefa ou proxecto realizado.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3
ET.1 - Comprensión lectora	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual	X	X	X
ET.4 - Competencia dixital	X	X	X
ET.5 - Fomento da creatividade, espírito científico e do emprendemento	X	X	X
ET.6 - Igualdade entre homes e mulleres	X	X	X
ET.7 - Educación para a paz e prevención e resolución pacífica de conflitos	X	X	X
ET.8 - Educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sostible	X	X	X

Observacións:

A Ed. Plástica e Visual é unha materia na que os elementos transversais de traballan diariamente e que ademais, no noso caso, por ser desenvolvida nunha sección bilingüe ofrece ao alumnado a posibilidade de escoitar, interactuar e ir introducindo expresións de outro idioma no seu día a día. Ademais contarán cunha sesión semanal coa auxiliar de conversa entre outubro e maio o que lles permitirá afondar no coñecemento da lingua estranxeira e tamén nos costumes de outros países e culturas.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Decoración da aula e a entrada nas festividades do Samaín, Nadal, Entroido, etc.	Decoración dos corredores cos traballos propostos para celebrar as conmemoracións escolares realizadas.	X	X	X
Exposicións dos traballos realizados en cada UD	Exposición destes en diferentes espazos do centro: corredores, patio, espazos comúns...	X	X	X
Colaboración no Xornal do Centro e no Faro da Escola	Colaboraremos dende a materia coa realización da revista escolar e no Faro da Escola			X

Observacións:

Na celebración das distintas conmemoracións participaremos con distintas aportacións artísticas.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Hai coherencia entre o que se programou e o desenvolvemento das clases?
Adecuouse o deseño das UD ás características e necesidades do alumnado.
Existe unha distribución temporal equilibrada e cumpriuse?
Cumpriuse a temporalización inicialmente establecida.
Metodoloxía empregada
A persoa docente empregou as metodoloxías reflectidas na PD.
Puxéronse en práctica as medidas organizativas alí propostas.
Empréganse recursos variados que faciliten o achegamento por diferentes vías ao obxecto de aprendizaxe?
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Combinouse o traballo en gran grupo, en equipo e o individual?
Danse estratexias de aprendizaxe que poidan servir ao alumnado para aprender por si mesmos?
Valórase o proceso e non soamente o resultado?

Medidas de atención á diversidade
Leváronse a cabo as medidas de atención á diversidade e foron efectivas.
A totalidade do alumnado traballou e superou as tarefas propostas.
Clima de traballo na aula
Consegiuse a participación activa de todo o alumnado.
Potenciouse unha aprendizaxe activa, con actividades orientadas ao aprender facendo?

Descrición:

Antes de cada tarefa o alumnado será informado da rúbrica coa que será valorada esa tarefa, que aspectos consideraremos para avaliar o traballo e en varias ocasións será el mesmo que faga unha autoavaliación do seu desempeño.

Ao finalizar cada trimestre farase unha enquisa que servirá á docente para introducir ideas que proveñan do alumnado e ver se o desenvolvemento da materia está sendo o adecuado.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Tralo remate de cada trimestre revisárase a PD. Dita revisión terá en conta os seguintes puntos:

1. Seguimento da PD no apartado correspondente do PROENS:

-Reunións trimestrais do equipo docente da coordinación de ciclo.

-No tocante ás UD: data de inicio e final, número de sesións previstas e realizadas e tarefas completadas.

-Grao de cumprimento da PD con carácter xeral dos indicadores de logro desta.

9. Outros apartados